



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto de Parque Eólico Alto da Telleira (A Cañiza e Covelo, Pontevedra), promovido por VECTOR VERDE clave 2011/0082,

EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento ambiental*" o proxecto non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "*Documento ambiental*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto non avaliou os efectos sobre ningún grupo faunístico agás as aves, respecto as cales podería afectar a 10 especies de aves catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Pernis apivorus*, *Milvus migrans*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Hieraaetus pennatus*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Anthus campestris*, *Lanius collurio*).

SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Alto da Telleira (A Cañiza e Covelo, Pontevedra), promovido por VECTOR VERDE clave 2011/0082, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre TODAS as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. Anfibios, réptiles e micromamíferos: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxears, pasos canadienses, etc.
 - b. *Pernis apivorus*, *Milvus migrans*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Hieraaetus pennatus*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Anthus campestris*, *Lanius collurio* e morcegos: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
2. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxears, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011